

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

EXTRACTO da Resolución do 25 de abril de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións a proxectos de instalacións fotovoltaicas nas comunidades de propietarios para o ano 2017.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Poderán ser beneficiarios as comunidades de propietarios/as que leven a cabo as instalacións fotovoltaicas establecidas no artigo 5 destas bases nas vivendas nas que sexan titulares da subministración eléctrica e que estean dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións a proxectos de instalacións fotovoltaicas nos edificios das comunidades de propietarios, que cumpran cos requisitos e condicións establecidos no articulado desta resolución (IN421M).

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Resolución do 25 de abril de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións a proxectos de instalacións fotovoltaicas nas comunidades de propietarios para o ano 2017.

Cuarto. *Contía*

1. A contía global da convocatoria ascende a 300.000 euros. O financiamento da convocatoria correspóndese con fondos propios do Inega para a anualidade 2017.

Código	Concepto	Total fondos	Aplicación orzamentaria
IN421M	Proxectos de fotovoltaica en comunidades de propietarios	300.000 euros	09.A2.733A.781.2



2. A contía da subvención será do 50 % do custo elixible da instalación, cun máximo de 60.000 euros por proxecto.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes contado desde o seguinte a aquel en que se publiquen as presentes bases no DOG.

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través do formulario electrónico normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Xunto coa solicitude presentaranse, anexadas, copias dixitalizadas da documentación complementaria.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2017

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

